

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

Resolución do 28 de novembro de 2007, da Secretaría Xeral de Emigración, pola que se procede á publicación das subvencións concedidas en virtude da Resolución do 16 de xullo de 2007 pola que se establecen subvencións para o desenvolvemento de accións formativas ligadas á inserción laboral destinadas a persoas retornadas e inmigrantes, e se procede á súa convocatoria.

De conformidade co establecido no artigo 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e de acordo co disposto no artigo 9.1º da Resolución do 16 de xullo de 2007, da Secretaría Xeral de Emigración, pola que se establecen subvencións para o desenvolvemento de accións formativas ligadas á inserción laboral destinadas a persoas retornadas e inmigrantes e se procede á súa convocatoria, por esta resolución procédese á publicación das axudas concedidas ao abeiro da devandita resolución de convocatoria.

Finalidade da axuda: estas axudas teñen como finalidade promover a mellora da cualificación profesional e facilitar a incorporación ao mercado de traballo das persoas retornadas e inmigrantes, mediante o financiamento de accións formativas que teñan unha clara conexión co emprego e a inserción laboral, desenvolvidos por organizacións empresariais, profesionais ou sindicais, ou por asociacións sen fins de lucro que teñan vinculación co emprego e as migracións.

Norma reguladora: Resolución do 16 de xullo de 2007, da Secretaría Xeral de Emigración, pola que se establecen subvencións para o desenvolvemento de accións formativas ligadas á inserción laboral destinadas a persoas retornadas e inmigrantes e se procede á súa convocatoria (*Diario Oficial de Galicia* nº 139, do 18 de xullo).

Aplicación orzamentaria: 04.50.312C.481.0.

Crédito orzamentario: 200.000 €.

Relación das entidades beneficiarias e do importe da axuda concedida a cada unha delas, por orde alfabética: figura no anexo que forma parte integrante desta resolución.

Santiago de Compostela, 28 de novembro de 2007.

Manuel Luis Rodríguez González
Secretario xeral de Emigración

ANEXO

Relación das entidades beneficiarias e importe da axuda concedida a cada unha delas; por orde alfabética:

Entidade	Subvención concedida
Asociación Alar Galicia	12.300 €
Asociación de Empresarios de As Gándaras-Porriño	6.300 €
Asociación Empresarial Apetamcor	3.300 €
Asociación Galicia Terra de Acollida	7.400 €
Asociación para a Promoción Social e Inserción Laboral	12.700 €
Plataforma polo Emprego	
Asociación para el Desarrollo Sociocultural, Formación y Empleo (Asfem)	13.100 €
Asociación Provincial de Empresarios de Hostelería de A Coruña	13.800 €
Cáritas Diocesana de Santiago de Compostela	11.800 €
Cimo Entidad Prestadora de Servicios	12.600 €
Confederación Intersindical Galega (CIG)	13.300 €
Federación de industrias afines de UGT	13.000 €
Federación Provincial de Empresarios de Hostelería y Turismo de Ourense	9.300 €
Fundación de Estudios e Análises Fesan	11.900 €
Fundación Laboral de la Construcción	13.600 €
Fundación Nortempo	14.300 €
Hh Oblatas del Santísimo Redentor-Centro de Recursos para a Muller ó Mencer	8.900 €
Radio Eccla, Fundación Canaria	9.100 €
Unión Xeral de Traballadores de Galicia (UGT-Galicia)	13.300 €

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Resolución do 12 de decembro de 2007, da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa, pola que se seleccionan os centros desta comunidade autónoma que participarán na actividade de escolas viaxeiras no ano 2008.

Pola Orde do 1 de outubro de 2007 (DOG do 23 de outubro) a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria convocou axudas para a realización de actividades de escolas viaxeiras durante o ano 2008.

Efectuada a valoración de solicitudes polas comisións provinciais previstas no punto 8 da devandita orde e conforme a proposta da comisión constituída con tal fin nesta dirección xeral, e en función das atribucións que me foron conferidas pola orde de referencia,

RESOLVO:

Seleccionar os centros para participar na actividade de escolas viaxeiras que se sinalan no anexo que se achega con esta resolución.

Santiago de Compostela, 12 de decembro de 2007.

M^a José Pérez Mariño
Directora xeral de Ordenación e Innovación
Educativa

ANEXO

RUTA	DATA	DENOMINACIÓN	C.P.	LOCALIDADE	PROVINCIA
BALEARES	1-7 ABRIL	CEIP AMARO REFOXO	32600	VERÍN	OURENSE
NAVARRA	8-14 ABRIL	CEIP MONTE VALIÑO	27430	PANTÓN	LUGO
TENERIFE	8-14 ABRIL	CPI VIRXE DO MONTE	27377	SISTALLO-COSPEITO	LUGO
ANDALUCÍA ORIENTAL	15-21 ABRIL	CPR VIRXE MILAGROSA	32700	MACEDA	OURENSE
EXTREMADURA	22-28 ABRIL	CEIP ÁLVARO CUNQUEIRO	27740	MONDOÑEDO	LUGO
C. VALENCIANA	6-12 MAIO	CEIP VIRXE DO PORTAL	15312	PORTA-SOBRADO	A CORUÑA
MADRID	6-12 MAIO	CPR LA INMACULADA	36860	PONTEAREAS	PONTEVEDRA
SORIA	13-19 MAIO	CEIP SAN MIGUEL DE REINANTE	27793	BARREIROS	LUGO
ARAGÓN	20-26 MAIO	CPR LA ASUNCIÓN	27600	SARRIA	LUGO
BURGOS	20-16 MAIO	CEIP XACINTO AMIGO LERA	15871	VAL DO DUBRA	A CORUÑA
CATALUÑA	20-26 MAIO	CEIP DE LAREDO	36320	REDONDELA	PONTEVEDRA
EXTREMADURA	20-26 MAIO	CPI ANTONIO ORZA	15881	BOQUEIXÓN	A CORUÑA
LA RIOJA	20-26 MAIO	CEIP DE MONTERROSO	27560	MONTERROSO	LUGO
NAVARRA	20-26 MAIO	CEIP IRMÁNS VILLAR	32005	OURENSE	OURENSE
SALAMANCA	26 MAIO-1 XUÑO	CEIP DE MACIÑEIRA	15510	NEDA	A CORUÑA
SALAMANCA	29 SETEMBRO-5 OUTUBRO	CEIP CURROS ENRÍQUEZ	32003	OURENSE	OURENSE
NAVARRA	30 SETEMBRO-6 OUTUBRO	CEIP VIRXE DO CARME	27880	BURELA	LUGO
ANDALUCÍA OCCIDENTAL	7-13 OUTUBRO	CPR SAN PÍO X	32005	OURENSE	OURENSE
LA RIOJA	7-13 OUTUBRO	CPR SAGRADO CORAZÓN	32500	O CARBALLIÑO	OURENSE
PAÍS VASCO	7-13 OUTUBRO	CEIP EDUARDO PONDAL	15110	PONTECESO	A CORUÑA
SORIA	7-13 OUTUBRO	CEIP DE ARZÚA	15810	ARZÚA	A CORUÑA
MADRID	13-19 OUTUBRO	CPR SANTIAGO APÓSTOL	36860	PONTEAREAS	PONTEVEDRA
ARAGÓN	14-20 OUTUBRO	CPR SAGRADO CORAZÓN	32800	CELANOVA	OURENSE
C. VALENCIANA	14-20 OUTUBRO	CEIP DE TEIXEIRO	15310	CURTIS	A CORUÑA
CATALUÑA	14-20 OUTUBRO	CEP ALTAMIRA	36470	SALCEDA DE CASELAS	PONTEVEDRA
NAVARRA	14-20 OUTUBRO	CPR A MERCED	27600	SARRIA	LUGO
PAÍS VASCO	14-20 OUTUBRO	CPR PABLO VI-FÁTIMA	32350	A RÚA DE VALDEORRAS	OURENSE
BURGOS	21-27 OUTUBRO	CPR. LA PURÍSIMA	32003	OURENSE	OURENSE
CATALUÑA	21-27 OUTUBRO	CEIP ENRIQUE BARREIRO	36633	CAMBADOS	PONTEVEDRA
EXTREMADURA	21-27 OUTUBRO	CEIP MANUEL VIDAL PORTELA	36002	PONTEVEDRA	PONTEVEDRA
MURCIA	21-27 OUTUBRO	CEIP ANTONIO BLANCO	36872	COVELO	PONTEVEDRA
TOLEDO	21-27 OUTUBRO	CEIP ANTONIO PEDROSA	27863	CELEIRO-VIVEIRO	LUGO
ANDALUCÍA OCCIDENTAL	4-10 NOVENBRO	CEIP FELIPE DE CASTRO	15200	NOIA	A CORUÑA
MADRID	10-16 NOVENBRO	CEIP LABACA	15005	A CORUÑA	A CORUÑA
ARAGÓN	11-17 NOVENBRO	CPR APOSTÓL SANTIAGO	36207	VIGO	PONTEVEDRA
TOLEDO	11-17 NOVENBRO	CEP XESÚS FERRO COUSELO	36645	CORDEIRO-VALGA	PONTEVEDRA

CONSELLERÍA DE INNOVACIÓN E INDUSTRIA

Orde do 5 de decembro de 2007 pola que se convoca o VI Premio Galicia Innovación Júnior.

A Constitución española, no seu artigo 44.2º, obriga os poderes públicos a promover a ciencia e a investigación científica e técnica en beneficio do interese xeral. Pola súa banda, o Estatuto de Galicia recolle no seu artigo 27.19º que lle corresponde á Comunidade Autónoma galega a competencia do fomento da cultura e da investigación en Galicia, sen prexuízo do establecido no artigo 149.2º da Constitución.

A Lei 12/1993, do 6 de agosto, de fomento de investigación e desenvolvemento tecnolóxico de Galicia, no seu artigo 1º, establece como obxectivo xeral o fomento da investigación científica e a innovación tecnolóxica para promover o desenvolvemento económico, social e produtivo de Galicia. Como unha ferramenta encamiñada ao logro deste obxectivo, a citada lei, no seu capítulo II, crea o Plan Galego de Investigación e Desenvolvemento Tecnolóxico. O Consello da Xunta de Galicia, na súa reunión do 21 de setembro de 2006, aprobou o Plan Galego de Investigación, Desenvolvemento e Innovación Tecnolóxica-Incite (2006-2010).

De acordo coa Lei 12/1993, do 6 de agosto, o Plan Galego de Investigación, Desenvolvemento e Innovación Tecnolóxica-Incite (2006-2010) está integrado por tres tipos de programas: os programas horizontais, os programas xerais e os programas sectoriais. Dentro dos programas horizontais, o Plan Galego de Investigación, Desenvolvemento e Innovación Tecnolóxica (2006-2010) conta con tres programas: o de Recursos Humanos (RHS), o de Articulación do Sistema Galego de Innovación (ART) e o de Comunicación e Sensibilización Social (CSS).

No Decreto 231/2006, do 23 de novembro, polo que establece a estrutura orgánica da Consellería de Innovación e Industria, indícase que á Dirección Xeral de Investigación, Desenvolvemento e Innovación lle corresponde, a ordenación, planificación, coordinación, execución e seguimento das competencias en materia de fomento da investigación que ten atribuídas a Comunidade Autónoma de Galicia en virtude do establecido no artigo 27.19º do Estatuto de autonomía de Galicia, así como o Decreto 232/2006, do 23 de novembro, polo que se distribúe a competencia para o exercicio da potestade sancionadora entre os órganos da Consellería de Innovación e Industria e se determinan normas de tramitación dos procedementos sancionadores nas materias da súa competencia; na Lei estatal 13/1986, do 14 de abril, de fomento e coordi-